



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 185 · Xoves, 18 agosto 2011

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Subdelegación do Goberno Ourense	
Notificación do acordo de desestimación do recurso de reposición contra o prezo xusto do predio propiedade dos herdeiros de Amparo Fernández Robleda .....	2
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil Comisaría de Augas. Ourense	
Información pública de solicitude de concesión de aproveitamento de augas, expediente: A/32/15767 .....	2
Confederación Hidrográfica do Douro Comisaría de Augas. Valladolid	
Notificación a Serafín García Parga, da resolución de declaración de extinción do dereito ó uso privativo das augas por caducidade da concesión, referencia expediente: 145/2010 (Alberca-NIP) .....	3

#### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

Consellería de Traballo e Benestar Departamento Territorial de Ourense	
Convenio colectivo do comercio de elementos do metal para o ano 2011, expediente 32/01/0001/2011 .....	4

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

Amoeiro	
Resolución de delegación temporal de funcións da Alcaldía no 1.º teniente de alcalde .....	13
Lobeira	
Notificación de baixa por inclusión indebida no padrón municipal de habitantes a Benito Graña Vázquez e outros .....	13
Vilamarín	
Exposición pública da aprobación do padrón da taxa pola subministración de auga, correspondente ó 4.º trimestre de 2010 .....	14
Vilar de Barrio	
Notificación a Rosa Fuentes Lozano, da solicitude de licenza de instalación de actividade de ampliación de nave avícola para cebo de pollos e plataforma de formigón para o seu acceso nos Salgueiros-Vilar de Gomareite-Vilar de Barrio .....	14
Mancomunidade de Concellos "Santa Águeda"	
Exposición pública das listas cobratorias do imposto sobre bens inmobles rústica e urbana, bens inmobles de características especiais e o imposto sobre actividades económicas, para o exercicio 2011, correspondentes ós concellos de Amoeiro, Coles, A Peroxa e Vilamarín .....	14
Anuncio de cobranza en período voluntario do imposto sobre bens inmobles, de características especiais e de actividades económicas correspondentes ó exercicio 2011 .....	15
Resolución de nomeamento de vicepresidentes .....	15

#### V. TRIBUNAIS E XULGADOS

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Secretaría de Goberno. A Coruña	
Nomeamento de xuíza de paz substituta de Petín .....	16
Corrección de erros no BOP n.º 98, R. 1627, do 2 de maio, sobre nomeamento de xuíz de paz de Amoeiro .....	16

#### II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Subdelegación del Gobierno Ourense	
Notificación del acuerdo de desestimación del recurso de reposición contra el justiprecio de la finca propiedad de los herederos de Amparo Fernández Robleda .....	2
Confederación Hidrográfica del Miño-Sil Comisaría de Aguas. Ourense	
Información pública de solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas, expediente: A/32/15767 .....	2
Confederación Hidrográfica del Duero Comisaría de Aguas. Valladolid	
Notificación a Serafín García Parga, de la resolución de declaración de extinción del derecho al uso privativo de las aguas por caducidad de la concesión, referencia expediente: 145/2010 (Alberca-NIP) .....	3

#### III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Trabajo y Bienestar Departamento Territorial de Ourense	
Convenio colectivo del comercio de elementos del metal para el año 2011, expediente 32/01/0001/2011 .....	8

#### IV. ENTIDADES LOCALES

Amoeiro	
Resolución de delegación temporal de funciones de la Alcaldía en el 1.º teniente de alcalde .....	13
Lobeira	
Notificación de baja por inclusión indebida en el padrón municipal de habitantes a Benito Graña Vázquez y otros .....	13
Vilamarín	
Exposición pública de la aprobación del padrón de la tasa por el suministro de agua, correspondiente al 4.º trimestre de 2010 .....	14
Vilar de Barrio	
Notificación a Rosa Fuentes Lozano, de la solicitud de licencia de instalación de actividad de ampliación de nave avícola para cebo de pollos y plataforma de formigón para su acceso en Os Salgueiros-Vilar de Gomareite-Vilar de Barrio .....	14
Mancomunidad de Ayuntamientos "Santa Águeda"	
Exposición pública de las listas cobratorias del impuesto sobre bienes inmuebles de naturaleza urbana y rústica, bienes inmuebles de características especiales e impuesto sobre actividades económicas para el ejercicio 2011, correspondientes a los Ayuntamientos de Amoeiro, Coles, A Peroxa y Vilamarín .....	15
Anuncio de cobranza en período voluntario del impuesto sobre bienes inmuebles, de características especiales e de actividades económicas correspondientes al ejercicio 2011 .....	15
Resolución de nombramiento de vicepresidentes .....	15

#### V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Tribunal Superior de Justicia de Galicia Secretaría de Gobierno. A Coruña	
Nombramiento de jueza de paz sustituta de Petín .....	16
Corrección de errores en el BOP n.º 98, R. 1627, de 2 de mayo, sobre nombramiento de juez de paz de Amoeiro .....	16



## II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

### II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Subdelegación do Goberno  
Secretaría Xeral  
Ourense

#### Edicto

De conformidade co disposto nos artigos 59.4 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ó non ser posible a notificación no último domicilio coñecido do interesado, publícase que o Xurado Provincial de Expropiación Forzosa, na sesión realizada o día 28 de xuño de 2011, acordou desestimar-lo recurso de reposición interposto por Rede Eléctrica de España, SAU, contra o prezo xusto do predio que a continuación se relaciona.

Esta resolución esgota a vía administrativa. Contra ela pode interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación. Todo iso, de conformidade co establecido nos artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificados pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 10.1 i), 14.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa (durante o mes de agosto non correrá o prazo, artigo 128.2).

Predio n.º; polígono; parcela; municipio; interesado.

46; 69; 643; Manzaneda; herdeiros de Amparo Fernández Robleda.

Ourense, 3 de agosto de 2011. O secretario xeral.  
Asdo.: Manuel Arias Carral.

*Subdelegación del Gobierno*  
*Secretaría General*  
*Ourense*

#### Edicto

*De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.4 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, al no haber sido posible la notificación en el último domicilio conocido del interesado, se publica que el Jurado Provincial de Expropiación Forzosa, en la sesión celebrada el día 28 de junio de 2011, acordó desestimar el recurso de reposición interpuesto por Red Eléctrica de España, SAU, contra el justiprecio de la finca que a continuación se relaciona.*

*Esta resolución agota la vía administrativa. Contra ella podrá interponerse recurso contencioso-administrativo ante la sala de lo contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en el plazo de dos meses, contados a partir del día siguiente al de su publicación. Todo ello de conformidad con lo establecido en los artículos 116.1 y 117 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, modificados por la Ley 4/1999, de 13 de enero, y en los artículos 10.1 i), 14.1 y 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contenciosa-Administrativa (durante el mes de agosto no correrá el plazo, artículo 128.2).*

*Finca n.º; polígono; parcela; municipio; interesado.*

*46; 69; 643; Manzaneda; herederos de Amparo Fernández Robleda.*

*Ourense, 3 de agosto de 2011. El secretario general.  
Fdo.: Manuel Arias Carral.*

R. 3.437

### Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

#### Comisaría de Augas

#### Ourense

#### Información pública

Expediente: A/32/15767.

Asunto: solicitude de concesión dun aproveitamento de augas.

Peticionario: Xosé Luís Martínez Fernández.

NIF n.º: 34970211 E.

Domicilio: avda. Alcalde Gregorio Espino, 8 - 36205 - Vigo (Pontevedra).

Nome do río ou corrente: pozo.

Caudal solicitado: 0,0027 l/s.

Punto de localización: Parderrubias

Termo municipal e provincia: A Merca (Ourense).

Destino: rega.

Coordenadas: X = 588.914 Y = 4.676.650

Breve descrición das obras e finalidade:

A captación realizarase nun pozo de 12 m de profundidade e a auga extráese a partir dunha bomba de 2 CV, para despois conducirla ata a parcela para regar.

Publícase isto para coñecemento xeral por un prazo de 30 días, contados a partir do seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, co fin de que os que se consideren prexudicados co solicitado poidan presentar-las súas reclamacións, durante o indicado prazo, no Concello da Merca ou na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (Comisaría de Augas, rúa do Progreso, 6, 32071 Ourense), onde estará de manifesto o expediente.

O xefe do servizo. Asdo.: José Alonso Seijas.

### Confederación Hidrográfica del Miño-Sil

#### Comisaría de Aguas

#### Ourense

#### Información pública

Expediente: A/32/15767.

Asunto: solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Xosé Luís Martínez Fernández.

NIF n.º: 34970211 E.

Domicilio: avda. Alcalde Gregorio Espino, 8 - 36205 - Vigo (Pontevedra).

Nombre del río o corriente: pozo.

Caudal solicitado: 0,0027 l/s.

Punto de emplazamiento: Parderrubias

Término municipal y provincia: A Merca (Ourense).

Destino: riego.

Coordenadas: X = 588.914 Y = 4.676.650

Breve descripción de las obras y finalidad:

La captación se realiza en un pozo de 12 m de profundidad y el agua se extrae a partir de una bomba de 2 CV, para después conducirla hasta la parcela para regar.

Esto se hace público para general conocimiento por un plazo de 30 días, contados a partir del siguiente a la fecha de publi-



cación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, con el fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de A Merca o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, calle de O Progreso, 6, 32071 Ourense), donde estará de manifiesto el expediente.

El jefe del servicio. Fdo.: José Alonso Seijas.

R. 1.359

## Confederación Hidrográfica do Douro

Comisaría de Aguas  
Valladolid

Notificación ó abeiro do disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Referencia expediente: 145/2010-OR (Alberca-NIP).

No libro de rexistro de aproveitamentos de augas públicas, figura a seguinte inscrición relativa a un aproveitamento de augas do río Támea:

N.º de Rexistro Xeral: 9.190.

Tomo: libro 5, folio 123.

N.º de aproveitamento: 2.

N.º de inscrición: 1.

Clase de aproveitamento: forza motriz.

Nome do usuario: Serafín García Parga.

Termo municipal e provincia da toma: Verín (Ourense).

Caudal máximo concedido: 3.000 l/s.

Título do dereito: 22/02/1904: concesión real orde.

Observacións: muíño.

Segundo o previsto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e xa que se carece dun domicilio válido para os efectos de notificacións, notifícasele a don Serafín García Parga, que:

De acordo co previsto no artigo 66.2 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo; e os artigos 165.1 e concordantes do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril:

Con data 19 de xullo de 2011, esta Confederación Hidrográfica do Douro, ditou unha resolución na que se declara a extinción do dereito ó uso privativo das augas por caducidade da concesión de que se trata, motivada pola interrupción permanente da explotación durante tres anos consecutivos imputable ó titular.

En virtude do anterior, o titular da concesión ou os seus representantes debidamente acreditados, poderán comparecer para o coñecemento do contido íntegro da mencionada resolución e constancia de tal coñecemento, nas oficinas desta Confederación Hidrográfica do Douro en Valladolid, rúa Muro n.º 5, en horas hábiles de despacho (de 9.00 a 14.00 horas), dentro do prazo de dez días, contados dende o seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Así mesmo, advírteselle ó concesionario que figura na anterior inscrición de que, de non comparecer no citado prazo, a notificación desta resolución se entenderá producida a tódolos efectos legais dende o día seguinte ó vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto no artigo 22.2 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo (BOE del 24); no Real decreto 1771/1994, do 5 de agosto (BOE de 19), de adaptación á Lei 30/92, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27), do procedemento administrativo en materia de augas, e coa redacción actual dada a esta pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14), o titular poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León (sede de Valladolid), ou ante a da comunidade autónoma á que pertenza o seu domicilio, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa comparecencia, ou no seu defecto, a partir do día seguinte ó vencemento do prazo sinalado para comparecer, podendo, se o desexa, presentar previamente recurso de reposición ante esta Confederación Hidrográfica do Douro no prazo dun mes, contado a partir desta data, nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Valladolid, 19 de xullo de 2011.

O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos.

A xefa do Servizo de Rexistro de Aguas e Recursos Hidráulicos.

Fdo.: Ana I. Guardo Pérez.

## Confederación Hidrográfica del Duero

Comisaría de Aguas  
Valladolid

Notificación al amparo de lo dispuesto en los artículos 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Referencia expediente: 145/2010-OR (Alberca-NIP).

En el libro de registro de aprovechamientos de aguas públicas, figura la siguiente inscripción relativa a un aprovechamiento de aguas del río Támea:

N.º de Registro General: 9.190.

Tomo: libro 5, folio 123.

N.º de aprovechamiento: 2.

N.º de inscripción: 1.

Clase de aprovechamiento: fuerza motriz.

Nombre del usuario: Serafín García Parga.

Término municipal y provincia de la toma: Verín (Ourense).

Caudal máximo concedido: 3.000 l/s.

Título del derecho: 22/02/1904: concesión real orden.

Observaciones: molino.

Según lo previsto en los artículos 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, y puesto que se carece de un domicilio válido a efectos de notificaciones, se notifica a don Serafín García Parga, que:

De acuerdo con lo previsto en el artículo 66.2 del Texto Refundido de la Ley de Aguas, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio; y los artículos 165.1 y concordantes del Reglamento del Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril:

Con fecha 19 de julio de 2011, esta Confederación Hidrográfica del Duero, ha dictado resolución en la que se declara la extinción del derecho al uso privativo de las aguas por caducidad de la concesión de que se trata, motivada por la interrupción permanente de la explotación durante tres años consecutivos imputable al titular.

En virtud de lo anterior, el titular de la concesión o sus representantes debidamente acreditados, podrán comparecer para el conocimiento del contenido íntegro de la mencionada resolución y constancia de tal conocimiento, en las oficinas de esta Confederación Hidrográfica del Duero en Valladolid, calle Muro n.º 5, en horas hábiles de despacho (de 9:00 a 14.00 horas),



dentro del plazo de diez días, contados desde el siguiente a la publicación del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.

Asimismo, se advierte al concesionario que figura en la anterior inscripción de que, de no comparecer en el citado plazo, la notificación de esta resolución se entenderá producida a todos los efectos legales desde el día siguiente al vencimiento del plazo señalado para comparecer.

Contra esta resolución que pone fin a la vía administrativa, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 22.2 del Texto Refundido de la Ley de Aguas, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio (BOE del 24); en el Real Decreto 1771/1994, de 5 de agosto (BOE de 19), de adaptación a la Ley 30/92, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (BOE del 27), del procedimiento administrativo en materia de aguas, y con la redacción actual dada a ésta por la Ley 4/1999, de 13 de enero (BOE de 14), el titular podrá interponer recurso contencioso-administrativo ante la sala correspondiente del Tribunal Superior de Justicia de Castilla y León (sede de Valladolid), o ante la de la comunidad autónoma a la que pertenezca su domicilio, en el plazo de dos meses, contados a partir del día siguiente a su comparecencia, o en su defecto, a partir del día siguiente al vencimiento del plazo señalado para comparecer, pudiendo, si lo desea, presentar previamente recurso de reposición ante esta Confederación Hidrográfica del Duero en el plazo de un mes, contado a partir de la misma fecha, en los lugares previstos en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Valladolid, 19 de julio de 2011.

Lo que se comunica para su conocimiento y efectos.

La jefa de Servicio de Registro de Aguas y Recursos Hidráulicos.

Fdo.: Ana I. Guardo Pérez.

R. 3.438

### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

#### III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

##### Consellería de Traballo e Benestar

Departamento Territorial  
Ourense

Servizo de Relacións Laborais  
Convenio: comercio del metal  
Expediente: 32/01/0001/2011  
Fecha: 27/07/2011

Asunto: Resolución de inscripción e publicación  
Destinatario: Francisco Rodríguez García  
Código de convenio: número 32000125011981

Unha vez visto o texto do Convenio colectivo do comercio de elementos do metal de Ourense para o ano 2011 suscrito, o día 22 de xuño de 2011, dunha parte, en representación da parte empresarial, polos/as designados/as pola Federación de Comercio de Ourense e a Asociación de Concesionarios de Automóviles de Ourense, e doutra, en representación dos/as traballadores/as do sector, polos/as representantes designados/as polas centrais sindicais Unión Xeral de Traballadores (UXT) e Confederación Intersindical Galega (CIG) e, de conformidade co disposto no artigo 90 do

Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, Real decreto 713/2010 sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e as demais normas aplicables do dereito común, esta xefatura territorial, acorda:

Primeiro.- Ordena-lo seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, do 18 de novembro de 2010) e notificación ás representacións empresariais e sociais da Comisión Negociadora.

Segundo.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

O xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Ourense. Asdo: José Selas Souto

Convenio colectivo do comercio de elementos do metal de Ourense.

Artigo 1.- Ámbito funcional.

Quedan sometidas ás estipulacións deste convenio tódalas empresas dedicadas ó comercio do metal en xeral.

Artigo 2.- Ámbito persoal.

Quedan comprendidos neste convenio tódolos traballadores das empresas incluídas no ámbito funcional, coas excepcións do Estatuto dos traballadores e dos menores de 16 anos, os cales teñen prohibida a contratación.

Artigo 3.- Ámbito territorial.

As disposicións deste convenio rexerán en Ourense e a súa provincia.

Artigo 4.- Ámbito temporal.

A duración deste convenio será dun ano, comezando o 1 de xaneiro de 2011 e finalizando o 31 de decembro de 2011.

Artigo 5.- Prórroga.

O convenio prorrogarase por períodos anuais de non denunciado calquera das partes, con antelación mínima de tres meses, respecto da data da súa terminación. A denuncia farase mediante comunicación escrita á outra parte na que se fará constar a representación que se teña e as materias de negociación.

Ó finaliza-la vixencia á que se refire o artigo 4, manterán a súa vixencia todas e cada unha das cláusulas ata a entrada en vigor do próximo convenio.

Artigo 6.- Condicións máis beneficiosas.

Tódalas contidas neste convenio estableceranse con carácter de mínimos, polo que os pactos, acordos ou situacións actualmente implantadas nas distintas empresas que impliquen condicións máis beneficiosas, subsistirán para aqueles traballadores que as veñen gozando.

Artigo 7.- Compensación e absorción.

As condicións que se establecen neste convenio son compensables e absorbibles en cómputo anual conforme á lexislación vixente, respectándose as situacións persoais en igual forma.

Réxime de traballo.

Artigo 8.- Xornada de traballo.

A xornada de traballo máxima para o persoal comprendido neste convenio é de 40 horas semanais. As empresas exporán en cada centro de traballo o calendario laboral pactado que deberá conter-lo horario de traballo diario, xornadas, días de descanso e festivos correspondentes. O Sábado Santo, o 24 e 31 de decembro, serán inhábiles neste sector, aqueles establecementos que por obrigacións comerciais permanezan abertos, deberán substituír estes por outros días.



#### Artigo 9.- Vacacións.

Tódolos traballadores gozarán anualmente de 30 días naturais de vacacións, retribuídas a salario base, gratificación de transporte e antigüidade.

A empresa confeccionará conxuntamente o calendario de vacacións cos representantes legais dos traballadores ou cos mesmos traballadores se non os hai, será exposto no taboleiro de anuncios e coñecerase con 60 días de antelación á saída da primeira data. As datas de vacacións deberán estar comprendidas entre os meses de maio e outubro.

A empresa, por solicitude do traballador, estará obrigada a entregar un xustificante con expresión das datas de inicio e terminación. As vacacións non poderán comezar a computar nin en sábado nin en vésperas de día festivo.

#### Artigo 10.- Inasistencias retribuídas.

O traballador, tralo aviso e xustificación, poderase ausentar do traballo con dereito a remuneración por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

a) 15 días naturais no caso de matrimonio.

b) 2 días en caso de falecemento, accidente, enfermidade grave ou hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, é dicir, cónxuxe, fillos/as, nai, pai, sogro/a, nora, xenro, avó, avós políticos, irmáns, cuñados/as, netos/as e netos/as políticos/as. Cando por tal motivo o traballador necesite facer un desprazamento fóra da provincia de Ourense, o prazo será de catro días.

c) 2 días por traslado de domicilio habitual.

d) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal.

Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, rexerá o que esta dispoña en canto á duración da ausencia e á súa compensación económica.

Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade da prestación do traballo debido en máis do 20% das horas laborables nun período de tres meses, poderá pasa-lo traballador afectado á situación de excedencia regulada no artigo 46 do Estatuto dos traballadores.

No caso de que o traballador, polo cumprimento do deber ou desempeño do cargo perciba unha indemnización, descontárase o importe dela do salario ó que tivese dereito na empresa.

e) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

f) Por nacemento de fillo/a: 6 días.

g) As traballadoras por lactación dun fillo menor de 9 meses terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución de xornada en media hora coa mesma finalidade ou acumulalo en xornadas completas a razón de 14 días laborais. Este permiso poderá ser gozado indistintamente polo pai ou a nai, no caso de que os dous traballen.

h) Para o acompañamento ó médico tanto da Seguridade Social, como da sanidade privada, a fillos menores de 16 anos, debendo achega-lo xustificante médico da devandita asistencia no que se fará consta-la hora de entrada e de saída.

Réxime económico.

#### Artigo 11.- Salario basee.

En 2011, o salario comprende as retribucións que en xornada normal de traballo figuran na táboa salarial do anexo, que representa un incremento do 2% sobre a anterior táboa.

#### Artigo 12.- Rendemento mínimo.

Por mor das dificultades técnicas que entraña o establecemento dunhas táboas de rendementos mínimos nas actividades

encadradas neste convenio, pola diversidade e diferentes estruturas das empresas afectadas, considerarase o rendemento mínimo adaptado ós usos profesionais de cada actividade comercial da localidade.

No entanto, as empresas, dentro da súa peculiar organización, poderán establecer-los devanditos rendementos.

#### Artigo 13.- Incentivos.

Cando as empresas establezan unhas táboas de rendementos e o traballador exceda do mínimo fixado, percibirá unha prima ou incentivo.

As tarifas de remuneración por incentivo deberán calcularse de modo que o traballador de normal capacidade e rendemento obteña polo menos unha retribución superior nun 25% do salario basee establecida neste convenio para a súa categoría profesional.

#### Artigo 14.- Aumentos periódicos por anos de servizos.

O persoal comprendido neste convenio percibirá aumentos periódicos por anos de servizos consistentes no aboamento de cuadrienios na contía do 5% sobre o salario basee.

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, ningún traballador poderá acumular máis de dez cuadrienios. No entanto, aqueles que viñesen percibindo porcentaxes superiores por este concepto ata a data indicada, manterán e consolidarán as citadas cantidades.

Cando o traballador ascenda de categoría profesional, engadiráselle o soldo base da nova categoría ó número de cuadrienios que viñese gozando, calculándose a contía destes de acordo coa nova categoría alcanzada.

A data inicial para o cómputo dos aumentos por anos de servizos será a de ingreso na empresa, incluído o tempo de aprendizaxe e aspirante, aínda que para estes o devandito cómputo se aplicará a partir da vixencia deste convenio.

#### Artigo 15.- Gratificación especial por idiomas.

Os traballadores con coñecementos acreditados ante as súas empresas dunha ou máis linguas estranxeiras, sempre que este coñecemento fose requirido e pactado coa empresa, percibirán un aumento do 10% do seu salario base por cada idioma.

#### Artigo 16.- Posto de traballo.

Gratificación especial por ornamentación de escaparates: o persoal, que non estando clasificado como escaparartista, realice no entanto con carácter normal a función de ornamentación de escaparates, terá dereito, en concepto de gratificación especial, a unha gratificación do 10% do seu salario base e aumentos por anos de servizo.

#### Artigo 17.- Horas extraordinarias.

Para o cálculo do salario-hora que servirá de base para determinar-lo importe das horas extraordinarias, teranse en conta os seguintes conceptos: salario base, pagas extraordinarias, complemento de antigüidade e, se o traballador as viñese percibindo, gratificación especial por idiomas e gratificación especial por ornamentación de escaparates. O incremento que se aplicará sobre o salario-hora para o pagamento de horas extraordinarias é o seguinte:

- Ó 75% nas extraordinarias de días laborables.

- Ó 150% nas horas extraordinarias de domingos e días festivos.

#### Artigo 18.- Desprazamento e axudas de custo.

Os traballadores que, mediante orde expresa do empresario ou persoa que os represente, se vexan obrigados a realizar viaxes ou traballos de carácter profesional por conta e baixo a dependencia da empresa, con desprazamentos a lugares distantes do centro de traballo e que imposibiliten o seu regreso e sexa preciso efectuar comidas fóra do seu domicilio habitual, ou teñan necesidade de desprazarse a localidades onde tamén



esixa a misión encomendada unha permanencia que obligue a tomar aloxamento, terán dereito ó cobro de gastos orixinados de acordo coa empresa e unha vez xustificadas.

Artigo 19.- Gratificacións extraordinarias.

Todo o persoal afectado por este convenio percibirá tres pagas extraordinarias, consistentes nunha mensuralidade dos salarios base vixentes en cada momento, aumentos periódicos por ano de servizo e gratificación de transporte.

A gratificación de transporte fíxase, para estes efectos, na cantidade de 79,73 euros.

Estas pagas serán aboadas: a paga de verán, antes do 20 de xullo; a paga de Nadal, antes do 20 de decembro; a paga de beneficios, antes do 21 de marzo.

O importe das referidas gratificacións será rateado en proporción ó tempo traballado durante o ano e computarase como tal o correspondente a enfermidade xustificada, accidente de traballo, vacacións e permisos retribuídos.

Artigo 20.- Incapacidade temporal.

En caso de enfermidade común, accidente de traballo ou enfermidade profesional, o persoal en situación de incapacidade temporal percibirá con cargo á empresa, por un período dun ano como máximo, o salario que lle corresponda por este convenio, incrementado cos aumentos periódicos por anos de servizo.

Artigo 21.- Premio de compensación por antigüidade.

Os traballadores que teñan unha antigüidade mínima na empresa de 10 anos e causen baixa por xubilación nesta a partir dos 60 anos e ata os 65 anos, terán dereito a gozar de vacacións retribuídas. Se a baixa se producise ós 60 anos, as vacacións terán unha duración de seis meses, reducíndose un mes por cada ano, ata chegar ós 65.

Os traballadores que igualmente cesen ós 65 anos de idade, percibirán dous meses de vacacións retribuídas. Se, unha vez cumpridos os 65 anos de idade e seis meses, o traballador non solicitase a xubilación, o traballador perderá o dereito a este complemento.

As ditas mensuralidades serán calculadas sobre o salario real. Para a súa percepción deberán solicitarse no prazo de tres meses desde o cumprimento da idade correspondente.

O goce destas vacacións farase efectivo coa correspondente antelación ó seu cesamento efectivo, debendo o traballador comunicar de maneira constatable a súa decisión á empresa. Esta entregarálle ó traballador que solicite o premio de vacacións, un certificado acreditativo do seu goce, no que constará o número de meses ós que ten dereito.

Artigo 22.- Gratificación de transporte.

Establécese unha gratificación de transporte urbano para tódolos traballadores afectados por este convenio de 3,19 euros por día traballado.

Artigo 23.- Quilometraxe.

Cando o traballador, por necesidade da empresa e a requirimento desta, tivese que desprazarse utilizando o seu propio vehículo, recibirá da devandita empresa a cantidade de 0,19 euros por quilómetro.

Artigo 24.- Delimitacións das funcións do condutor.

A repartición de mercadoría en vehículos de ata 3.500 kg será función do mozo e do mozo especializado

O condutor ten ó seu cargo vehículos que excedan dun peso máximo de 3.500 kg. A súa xornada non excederá de 40 horas semanais. O tempo máximo de conducción ininterrompida non poderá exceder de 4'1/2 horas, tras este período o traballador deberá realizar un descanso ininterrompido dun mínimo de 45 minutos.

Os traballadores non poderán conducir máis de 9 horas diarias, debendo mediar un descanso mínimo entre xornadas de 12 horas. No que non estea especificamente regulado, estarase ó disposto nos regulamentos CE 3.820/85 e 3.821/85

A repartición realizarase preferentemente dentro da xornada laboral e deberanse aboar como horas extras o tempo que exceda daquela.

Contratación

Artigo 25.- Formalización do contrato

Formalizarase por escrito, consignarase con suficiente precisión e claridade a causa e as circunstancias que o motiven e rexistrarase no INEN.

Artigo 26.- Modalidades de contratación.

Para contribuír a darlle estabilidade ó emprego, as partes asinantes deste convenio comprométense a fomentar a contratación indefinida como norma xeral.

Con todo, ó ser este un sector cunha problemática específica, propoñemos os seguintes modelos de contratación:

a) Contrato eventual por circunstancias da produción, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos: de conformidade co establecido no artigo 15.1 b) do Estatuto dos traballadores, con obxecto de aproveitar ó máximo as posibilidades de emprego que ofrecen as circunstancias de mercado no sector do comercio de elementos do metal, a duración máxima do contrato eventual por circunstancias de mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos será de doce meses dentro dun período de 18 meses.

b) Contrato para a formación laboral: o contrato para a formación terá por obxecto a adquisición da formación teórica e práctica necesaria para o desenvolvemento dun oficio ou posto de traballo que requira un determinado nivel de cualificación.

Poderase realizar con traballadores maiores de 16 anos e menores de 21. Debido ás necesidades formativas impostas polas características dos postos de traballo para desempeñar no sector de comercio de elementos do metal, a duración mínima do contrato de formación será de seis meses e a máxima de tres anos.

c) Contrato en prácticas: a retribución do traballador contratado baixo a modalidade de prácticas será dun 60% no primeiro ano e dun 75% no segundo, do salario da súa categoría profesional en cómputo anual e quedará incluído neste cómputo anual a gratificación de transporte.

Artigo 27.- Aviso previo de fin de contrato.

Á finalización do contrato a empresa estará obrigada a notificarlle o cesamento ó traballador por escrito e con 15 días de antelación á data de finalización de contrato de duración igual ou superior a 12 meses. De incumprirse esta obrigación o traballador deberá ser indemnizado co importe diario por cada día de atraso nos prazos de aviso previo.

Pola súa banda, os traballadores que desexen cesar voluntariamente na empresa e estean contratados por medio de contrato de duración igual ou superior a 12 meses, estarán obrigados a comunicarllo á empresa cumprindo os seguintes prazos de aviso previo.

- Técnicos.- 30 días

- Empregados ou operarios.- 15 días

O incumprimento de aviso previo coa referida antelación dará dereito a descontar da liquidación unha contía equivalente ó importe do seu salario diario por cada día de atraso no aviso.

Artigo 28.- Póliza de seguros.

As empresas subscribirán a favor dos traballadores unha póliza de seguros que cubra, en caso de accidente de traballo, os riscos de morte e invalidez permanente, nos graos de total, absoluta e grande invalidez, na contía de 18.000 euros.



No entanto, a indemnización que se perciba con cargo ó seguro aquí convido, considerárase como percibida a conta da indemnización que, de se-lo caso, puidesen declarar con cargo ás empresas, os tribunais de xustiza na vía penal, compensándose ata onde aquela non alcance.

Artigo 29.- Comisión Paritaria.

Para tódalas cuestións que se deriven da aplicación, interpretación e vixilancia deste convenio constitúese unha comisión paritaria formada polas asociacións empresariais asinantes, é dicir, Asociación Empresarial de Comercio de Elementos de Metal, Federación de Comercio de Ourense, Asociación de Concesionarios de Automóviles de Ourense e as centrais sindicais que asinan este convenio, UXT e CIG.

Artigo 30.- Igualdade no traballo.

Respectarase o principio de igualdade no traballo para tódolos efectos e non se admitirá discriminación por razón de idade, sexo, ideoloxía, raza ou discapacidade, etc.

Artigo 31.- Pezas de traballo.

A empresa proporcionaralles, ós traballadores que proceda, o vestiario adecuado para o traballo, na cantidade de dúas pezas por ano, que reporá unha vez cada semestre. Así mesmo, facilitaralles luvas e calzado cando así o esixa o traballo que han de realizar. Ós traballadores que realicen funcións de repartición en moto, a empresa está obrigada a proporcionarlle-lo casco obrigatorio e traxe de augas.

Artigo 32.- Excedencias.

A excedencia poderá ser voluntaria ou forzosa.

A forzosa, que dará dereito á conservación do posto de traballo e ó cómputo de antigüidade da súa vixencia, concederáse pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ó traballo. O reingreso deberá solicitarse dentro do mes seguinte ó cesamento do cargo público.

O traballador cunha antigüidade mínima na empresa dun ano ten dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en situación de excedencia voluntaria por un prazo non menor de 4 meses e non maior de cinco anos. Este dereito só poderá ser exercido outra vez polo mesmo traballador se transcorresen catro anos desde o final da anterior excedencia.

Os traballadores terán dereito a un período non superior a tres anos de excedencia para atender ó coidado de cada fillo, xa sexa por natureza ou adopción, contado desde a data de nacemento deste, ou de se-lo caso da resolución xudicial ou administrativa. Os fillos sucesivos darán dereito a un novo período de excedencia que, se se dá o caso, porá fin ó que viña gozando. Cando o pai ou nai traballen, só un deles poderá exercer este dereito.

Durante o primeiro ano, a partir do inicio de cada situación de excedencia, o traballador terá dereito á reserva do posto de traballo e a que o citado período sexa computado para efectos de antigüidade. Finalizado este e ata a terminación do período de excedencia, serán de aplicación, excepto pacto colectivo ou individual en contrario, as normas que regulan a excedencia voluntaria. Así mesmo, poderán solicita-lo seu paso á situación de excedencia na empresa os traballadores que exercen funcións sindicais de ámbito provincial ou superior, mentres dure o exercicio do seu cargo representativo.

O traballador excedente conserva só un dereito preferente ó ingreso nas vacantes de igual ou similar categoría á súa que houbese ou se producise na empresa.

A situación de excedencia poderá estenderse a outros supostos colectivamente acordados con réxime e cos efectos que alí se prevegan.

Artigo 33.- Xubilación parcial.

Ó amparo do artigo 166.2 da Lei xeral de Seguridade Social e do artigo 12.6 do Estatuto dos traballadores, recoñécese-

lles ós traballadores, o dereito subxectivo a solicitar da empresa a xubilación parcial e a consecuente redución da súa xornada de traballo na porcentaxe fixada pola normativa, cando reúnan os requisitos legalmente establecidos pola regulación vixente.

A comunicación deberáse remitir á empresa cunha antelación mínima de 3 meses á data prevista da xubilación parcial, salvo ó persoal encadrado nos grupos IV e V do convenio nos que o aviso previo será de 6 meses. A porcentaxe de xornada que corresponda de traballo efectivo, acumularase nos meses inmediatamente seguintes ó da xubilación parcial e a xornada completa.

Artigo 34.- Xubilación forzosa.

Os traballadores deberán xubilarse obrigatoriamente unha vez cumpridos os 65 anos, sempre que reúnan os requisitos para acceder a unha prestación contributiva de xubilación.

Artigo 35.- Recoñecementos médicos.

As empresas velarán pola práctica de recoñecementos médicos, incluídas análises de sangue e de ouriños, tanto iniciais como periódicos, conforme ó establecido nas disposicións vixentes e como mínimo un ó ano. Pola súa banda, os traballadores estarán obrigados a someterse a cantos recoñecementos médicos dispoñen as empresas a cargo delas, tanto en situación activa como en situación de IT ou similar.

Os recoñecementos médicos orientarase preferentemente ás enfermidades máis habituais do sector e entregaráse a este o resultado do recoñecemento. Serán entregados nun máximo de cinco días desde a data na que se reciban. A comisión mixta velará polo seu cumprimento.

Artigo 36.- Protección á maternidade.

No caso de maternidade, a empresa deberá conceder-las permisos de 16 semanas ininterrompidas, ampliables por parte múltiple ata 18 semanas. O período de suspensión distribuirase a opción da interesada, sempre que 6 semanas sexan inmediatamente posteriores ó parto. En caso de falecemento da nai, con independencia de que esta realizase ou non algún traballo, o outro proxenitor poderá facer uso da totalidade ou, de se-lo caso, da parte que reste do período de suspensión computado desde a data do parto, e sen que se desconte deste a parte que a nai puidese gozar con anterioridade ó parto. No suposto de falecemento do fillo, o período de suspensión non se verá reducido, salvo que, unha vez finalizadas o seis semanas de descanso obrigatorio, a nai solicítase reincorporarse ó posto de traballo.

Non obstante o anterior, no caso de que a nai ou o pai traballen, aquela ó iniciarse o período de descanso por maternidade, poderá optar a que o pai goce dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso posterior ó parto, ben de forma simultánea ou sucesiva co da nai. O outro proxenitor poderá seguir facendo uso do período de suspensión por maternidade inicialmente cedido, aínda que no momento previsto para a reincorporación da nai ó traballo esta se atope en situación de incapacidade temporal.

No suposto de adopción e acollemento, a suspensión terá unha duración de 16 semanas ininterrompidas, ampliable no suposto de adopción ou acollemento múltiples en dúas semanas por cada menor a partir do segundo. A dita suspensión producirá os seus efectos, a elección do traballador, ben a partir da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción, ben a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, provisional ou definitiva, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de suspensión.

No caso de que o pai e a nai traballen, o período de suspensión distribuirase a opción dos interesados, que poderán gozala de forma simultánea ou sucesiva, sempre con períodos ininterrompidos e cos límites sinalados.



Nos casos de goce simultáneo de períodos de descanso, a suma destes non poderá exceder das 16 semanas previstas nos parágrafos anteriores ou das que correspondan en caso de parto, adopción ou acollemento múltiples.

Artigo 37.- Réxime disciplinario por acoso sexual.

Todo comportamento ou situación que atente contra o respecto e a intimidade ou contra a liberdade dos traballadores, condutas de acoso sexual, verbais ou físicas, serán conceptuadas como faltas moi graves, graves ou leves, en función da repercusión do feito. Nos supostos nos que se leve a cabo servíndose da súa relación xerárquica con persoa ou persoas con contrato laboral non indefinido, a sanción aplicarase no seu máximo grao.

O Comité de Empresa, Xunta de Persoal, Sección Sindical ou representante dos traballadores e traballadoras e da Dirección de Persoal da empresa velarán polo dereito á intimidade do traballador afectado, procurando silenciar a súa identidade cando así fose requirido.

Por mor da falta de normativa existente, poderase seguir a descrición de sancións incluídas no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, modificada pola Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social e pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Artigo 38.- Período de proba.

Poderase concertar por escrito un período de proba que en ningún caso poderá exceder de 6 meses para os técnicos titulados, nin de 3 meses para os demais traballadores, excepto para o non cualificados; en tal caso, a duración máxima será de 15 días laborais.

O empresario e o traballador están respectivamente obrigados a realiza-las experiencias que constitúan o obxecto da proba.

Durante o período de proba o traballador terá os dereitos e obrigacións correspondentes á súa categoría profesional e ó posto de traballo que desempeñe, coma se fose de persoal, salvo os derivados da resolución laboral, que poderá producirse a petición de calquera das partes durante o seu transcurso.

Unha vez transcorrido o período de proba sen que se produza a desistencia, o contrato producirá plenos efectos e computarase o tempo dos servizos prestados na antigüidade do traballador na empresa.

A situación de incapacidade temporal que afecte o traballador durante o período de proba interrompe o cómputo deste sempre que se produza acordo entre ámbalas partes.

Disposición adicional primeira.

No non regulado neste convenio colectivo, e a salvo das remisións expresas neste a determinada normativa supletoria, estarase ó disposto con carácter xeral no Estatuto dos traballadores e demais normas que o desenvolven así como no acordo marco para a substitución da Ordenanza do comercio, asinada o 6 de marzo de 1996.

Disposicións finais.

Primeira - Cláusula de submisión ó AGA: dada a importancia que pode ter para a resolución pacífica de conflitos laborais e elaboración do acordo galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo, AGA, asinado entre a Confederación de Empresarios de Galicia e as organizacións sindicais UXT, CC OO e CIG, as partes asinantes deste convenio, durante a súa vixencia, acordan someterse ás disposicións contidas no AGA, nos propios termos nos que están formulados.

Segunda - Partes asinantes: este convenio asinano as centrais sindicais UXT, e CIG en representación da parte social, e pola

Federación de Comercio de Ourense e a Asociación de Concesionarios de Automóviles de Ourense, en representación da parte empresarial.

Táboa salarial 2011.

Grupo; Salario

Grupo primeiro

Prof. ofic. terceira, Mozo, Persoal limpeza; 710,71

Grupo segundo

Mozo especializado, Auxiliar administrativo, Profesional oficio 2ª; 722,17

Grupo terceiro

Axudante, Escapatista, Profesional oficio 1ª, Oficial administrativo, Caixeiro, Viaxante/Vendedor, Dependente, Chofer camión; 740,08

Grupo cuarto

Xefe administrativo, Contable, Xefe división, Xefe de taller, Xefe de persoal, Xefe de compras, Xefe de vendas, Xefe de sucursal, Xefe de almacén, Xefe serv. mercantil, Encargado establec., Titulado medio; 812,78.

Grupo quinto

Director, Titulado superior; 885,51

As persoas coa categoría de mozo, que o 31 de decembro de 2007 leven catro ou máis anos nesa categoría ascenderán a mozo especializado. Non sendo así, o ascenso producirase cando leven 4 anos como mozos.

Asesora:

María de Miguel Pérez

Federación de Comercio de Ourense

Flora Castro González.

Asociación de Concesionarios de Ourense

Carlos Pena Portela, Isabel Pérez Martínez

UXT:

Ángel Feijoo Conde, Victorino Joaquín Saborido, Andrés do Río Vázquez, Esther Santás Iglesias, Concepción López Caride.

CIG:

Antonio Sanmiguel Estévez, Antonio Vázquez Pérez, César Fernández Sandiás, Carlos Vázquez Castro

## Consellería de Traballo e Benestar

Departamento Territorial  
Ourense

Departamento Territorial

Servizo de Relacións Laborais

Convenio: comercio del metal

Expediente: 32/01/0001/2011

Fecha: 27/07/2011

Asunto: Resolución de inscripción e publicación

Destinatario: Francisco Rodríguez García

Código de convenio: número 32000125011981

Unha vez visto o texto do Convenio colectivo do comercio de elementos do metal de Ourense para o ano 2011 suscrito, o día 22 de xuño de 2011, dunha parte, en representación da parte empresarial, polos/as designados/as pola Federación de Comercio de Ourense e a Asociación de Concesionarios de Automóviles de Ourense, e doutra, en representación dos/as traballadores/as do sector, polos/as representantes designados/as polas centrais sindicais Unión Xeral de Traballadores (UXT) e Confederación Intersindical Galega (CIG) e, de conformidade co disposto no artigo 90 do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, Real decreto 713/2010 sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e Real





decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e as demais normas aplicables do dereito común, esta xefatura territorial, acorda:

*Primeiro.- Ordena-lo seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, do 18 de novembro de 2010) e notificación ás representacións empresariais e sociais da Comisión Negociadora.*

*Segundo.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia*

*O xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Ourense. Asdo: José Selas Souto*

*Convenio colectivo do comercio de elementos do metal de Ourense.*

*Artigo 1.- Ámbito funcional.*

*Quedan sometidas ás estipulacións deste convenio tódalas empresas dedicadas ó comercio do metal en xeral.*

*Artigo 2.- Ámbito persoal.*

*Quedan comprendidos neste convenio tódolos traballadores das empresas incluídas no ámbito funcional, coas excepcións do Estatuto dos traballadores e dos menores de 16 anos, os cales teñen prohibida a contratación.*

*Artigo 3.- Ámbito territorial.*

*As disposicións deste convenio rexerán en Ourense e a súa provincia.*

*Artigo 4.- Ámbito temporal.*

*A duración deste convenio será dun ano, comezando o 1 de xaneiro de 2011 e finalizando o 31 de decembro de 2011.*

*Artigo 5.- Prórroga.*

*O convenio prorrogarase por períodos anuais de non denuncia-lo calquera das partes, con antelación mínima de tres meses, respecto da data da súa terminación. A denuncia farase mediante comunicación escrita á outra parte na que se fará consta-la representación que se teña e as materias de negociación.*

*Ó finaliza-la vixencia á que se refire o artigo 4, manterán a súa vixencia todas e cada unha das cláusulas ata a entrada en vigor do próximo convenio.*

*Artigo 6.- Condicións máis beneficiosas.*

*Tódalas contidas neste convenio estableceranse con carácter de mínimos, polo que os pactos, acordos ou situacións actualmente implantadas nas distintas empresas que impliquen condicións máis beneficiosas, subsistirán para aqueles traballadores que as veñen gozando.*

*Artigo 7.- Compensación e absorción.*

*As condicións que se establecen neste convenio son compensables e absorbibles en cómputo anual conforme á lexislación vixente, respectándose as situacións persoais en igual forma.*

*Réxime de traballo.*

*Artigo 8.- Xornada de traballo.*

*A xornada de traballo máxima para o persoal comprendido neste convenio é de 40 horas semanais. As empresas exporán en cada centro de traballo o calendario laboral pactado que deberá conte-lo horario de traballo diario, xornadas, días de descanso e festivos correspondentes. O Sábado Santo, o 24 e 31 de decembro, serán inhábiles neste sector, aqueles establecementos que por obrigacións comerciais permanezan abertos, deberán substituír estes por outros días.*

*Artigo 9.- Vacacións.*

*Tódolos traballadores gozarán anualmente de 30 días naturais de vacacións, retribuídas a salario base, gratificación de transporte e antigüidade.*

*A empresa confeccionará conxuntamente o calendario de vacacións cos representantes legais dos traballadores ou cos mesmos traballadores se non os hai, será exposto no taboleiro de anuncios e coñecerase con 60 días de antelación á saída da primeira data. As datas de vacacións deberán estar comprendidas entre os meses de maio e outubro.*

*A empresa, por solicitude do traballador, estará obrigada a entregar un xustificante con expresión das datas de inicio e terminación. As vacacións non poderán comezar a computar nin en sábado nin en vésperas de día festivo.*

*Artigo 10.- Inasistencias retribuídas.*

*O traballador, tralo aviso e xustificación, poderase ausentar do traballo con dereito a remuneración por algún dos motivos e polo tempo seguinte:*

*a) 15 días naturais no caso de matrimonio.*

*b) 2 días en caso de falecemento, accidente, enfermidade grave ou hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, é dicir, cónxuxe, fillos/as, nai, pai, sogro/a, nora, xenro, avó, avós políticos, irmáns, cuñados/as, netos/as e netos/as políticos/as. Cando por tal motivo o traballador necesite facer un desprazamento fóra da provincia de Ourense, o prazo será de catro días.*

*c) 2 días por traslado de domicilio habitual.*

*d) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal.*

*Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, rexerá o que esta dispoña en canto á duración da ausencia e á súa compensación económica.*

*Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade da prestación do traballo debido en máis do 20% das horas laborables nun período de tres meses, poderá pasa-lo traballador afectado á situación de excedencia regulada no artigo 46 do Estatuto dos traballadores.*

*No caso de que o traballador, polo cumprimento do deber ou desempeño do cargo perciba unha indemnización, descontarase o importe dela do salario ó que tivese dereito na empresa.*

*e) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.*

*f) Por nacemento de fillo/a: 6 días.*

*g) As traballadoras por lactación dun fillo menor de 9 meses terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución de xornada en media hora coa mesma finalidade ou acumulalo en xornadas completas a razón de 14 días laborais. Este permiso poderá ser gozado indistintamente polo pai ou a nai, no caso de que os dous traballen.*

*h) Para o acompañamento ó médico tanto da Seguridade Social, como da sanidade privada, a fillos menores de 16 anos, debendo achega-lo xustificante médico da devandita asistencia no que se fará consta-la hora de entrada e de saída.*

*Réxime económico.*

*Artigo 11.- Salario base.*

*En 2011, o salario comprende as retribucións que en xornada normal de traballo figuran na táboa salarial do anexo, que representa un incremento do 2% sobre a anterior táboa.*

*Artigo 12.- Rendemento mínimo.*

*Por mor das dificultades técnicas que entraña o establecemento dunhas táboas de rendementos mínimos nas actividades encadradas neste convenio, pola diversidade e diferentes estruturas das empresas afectadas, considerarase o rendemen-*



to mínimo adaptado ós usos profesionais de cada actividade comercial da localidade.

No entanto, as empresas, dentro da súa peculiar organización, poderán establecer los devanditos rendementos.

Artigo 13.- Incentivos.

Cando as empresas establezan unhas táboas de rendementos e o traballador exceda do mínimo fixado, percibirá unha prima ou incentivo.

As tarifas de remuneración por incentivo deberanse calcular de modo que o traballador de normal capacidade e rendimento obteña polo menos unha retribución superior nun 25% do salario basee establecida neste convenio para a súa categoría profesional.

Artigo 14.- Aumentos periódicos por anos de servizos.

O persoal comprendido neste convenio percibirá aumentos periódicos por anos de servizos consistentes no aboamento de cuadrienios na contía do 5% sobre o salario basee.

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, ningún traballador poderá acumular máis de dez cuadrienios. No entanto, aqueles que viñesen percibindo porcentaxes superiores por este concepto ata a data indicada, manterán e consolidarán as citadas cantidades.

Cando o traballador ascenda de categoría profesional, engadiráselle o soldo base da nova categoría ó número de cuadrienios que viñese gozando, calculándose a contía destes de acordo coa nova categoría alcanzada.

A data inicial para o cómputo dos aumentos por anos de servizos será a de ingreso na empresa, incluído o tempo de aprendizaxe e aspirante, aínda que para estes o devandito cómputo se aplicará a partir da vixencia deste convenio.

Artigo 15.- Gratificación especial por idiomas.

Os traballadores con coñecementos acreditados ante as súas empresas dunha ou máis linguas estranxeiras, sempre que este coñecemento fose requirido e pactado coa empresa, percibirán un aumento do 10% do seu salario base por cada idioma.

Artigo 16.- Posto de traballo.

Gratificación especial por ornamentación de escaparates: o persoal, que non estando clasificado como escaparatista, realice no entanto con carácter normal a función de ornamentación de escaparates, terá dereito, en concepto de gratificación especial, a unha gratificación do 10% do seu salario base e aumentos por anos de servizo.

Artigo 17.- Horas extraordinarias.

Para o cálculo do salario-hora que servirá de base para determinar o importe das horas extraordinarias, teranse en conta os seguintes conceptos: salario base, pagas extraordinarias, complemento de antigüidade e, se o traballador as viñese percibindo, gratificación especial por idiomas e gratificación especial por ornamentación de escaparates. O incremento que se aplicará sobre o salario-hora para o pagamento de horas extraordinarias é o seguinte:

- Ó 75% nas extraordinarias de días laborables.
- Ó 150% nas horas extraordinarias de domingos e días festivos.

Artigo 18.- Desprazamento e axudas de custo.

Os traballadores que, mediante orde expresa do empresario ou persoa que os represente, se vexan obrigados a realizar viaxes ou traballos de carácter profesional por conta e baixo a dependencia da empresa, con desprazamentos a lugares distantes do centro de traballo e que imposibiliten o seu regreso e sexa preciso efectuar comidas fóra do seu domicilio habitual, ou teñan necesidade de desprazarse a localidades onde tamén esixa a misión encomendada unha permanencia que obrigue a

tomar aloxamento, terán dereito ó cobro de gastos orixinados de acordo coa empresa e unha vez xustificadas.

Artigo 19.- Gratificacións extraordinarias.

Todo o persoal afectado por este convenio percibirá tres pagas extraordinarias, consistentes nunha mensualidade dos salarios base vixentes en cada momento, aumentos periódicos por ano de servizo e gratificación de transporte.

A gratificación de transporte fíxase, para estes efectos, na cantidade de 79,73 euros.

Estas pagas serán aboadas: a paga de verán, antes do 20 de xullo; a paga de Nadal, antes do 20 de decembro; a paga de beneficios, antes do 21 de marzo.

O importe das referidas gratificacións será rateado en proporción ó tempo traballado durante o ano e computarase como tal o correspondente a enfermidade xustificada, accidente de traballo, vacacións e permisos retribuídos.

Artigo 20.- Incapacidade temporal.

En caso de enfermidade común, accidente de traballo ou enfermidade profesional, o persoal en situación de incapacidade temporal percibirá con cargo á empresa, por un período dun ano como máximo, o salario que lle corresponda por este convenio, incrementado cos aumentos periódicos por anos de servizo.

Artigo 21.- Premio de compensación por antigüidade.

Os traballadores que teñan unha antigüidade mínima na empresa de 10 anos e causen baixa por xubilación nesta a partir dos 60 anos e ata os 65 anos, terán dereito a gozar de vacacións retribuídas. Se a baixa se producise ós 60 anos, as vacacións terán unha duración de seis meses, reducíndose un mes por cada ano, ata chegar ós 65.

Os traballadores que igualmente cesen ós 65 anos de idade, percibirán dous meses de vacacións retribuídas. Se, unha vez cumpridos os 65 anos de idade e seis meses, o traballador non solicitase a xubilación, o traballador perderá o dereito a este complemento.

As ditas mensualidades serán calculadas sobre o salario real. Para a súa percepción deberán solicitarse no prazo de tres meses desde o cumprimento da idade correspondente.

O goce destas vacacións farase efectivo coa correspondente antelación ó seu cesamento efectivo, debendo o traballador comunicar de maneira constatable a súa decisión á empresa. Esta entregarálle ó traballador que solicite o premio de vacacións, un certificado acreditativo do seu goce, no que constará o número de meses ós que ten dereito.

Artigo 22.- Gratificación de transporte.

Establécese unha gratificación de transporte urbano para tódolos traballadores afectados por este convenio de 3,19 euros por día traballado.

Artigo 23.- Quilometraxe.

Cando o traballador, por necesidade da empresa e a requirimento desta, tivese que desprazarse utilizando o seu propio vehículo, recibirá da devandita empresa a cantidade de 0,19 euros por quilómetro.

Artigo 24.- Delimitacións das funcións do condutor.

A repartición de mercadoría en vehículos de ata 3.500 kg será función do mozo e do mozo especializado

O condutor ten ó seu cargo vehículos que excedan dun peso máximo de 3.500 kg. A súa xornada non excederá de 40 horas semanais. O tempo máximo de condución ininterrompida non poderá exceder de 4'1/2 horas, tras este período o traballador deberá realizar un descanso ininterrompido dun mínimo de 45 minutos.

Os traballadores non poderán conducir máis de 9 horas diarias, debendo mediar un descanso mínimo entre xornadas de 12



horas. No que non estea especificamente regulado, estarase ó disposto nos regulamentos CE 3.820/85 e 3.821/85

A repartición realizarase preferentemente dentro da xornada laboral e deberanse aboar como horas extras o tempo que exceda daquela.

Contratación

Artigo 25.- Formalización do contrato

Formalizárase por escrito, consignarase con suficiente precisión e claridade a causa e as circunstancias que o motiven e rexistrárase no INEN.

Artigo 26.- Modalidades de contratación.

Para contribuír a darlle estabilidade ó emprego, as partes asinantes deste convenio comprométese a fomenta-la contratación indefinida como norma xeral.

Con todo, ó ser este un sector cunha problemática específica, propoñom-los seguintes modelos de contratación:

a) Contrato eventual por circunstancias da produción, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos: de conformidade co establecido no artigo 15.1 b) do Estatuto dos traballadores, con obxecto de aproveitar ó máximo as posibilidades de emprego que ofrecen as circunstancias de mercado no sector do comercio de elementos do metal, a duración máxima do contrato eventual por circunstancias de mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos será de doce meses dentro dun período de 18 meses.

b) Contrato para a formación laboral: o contrato para a formación terá por obxecto a adquisición da formación teórica e práctica necesaria para o desenvolvemento dun oficio ou posto de traballo que requira un determinado nivel de cualificación.

Poderase realizar con traballadores maiores de 16 anos e menores de 21. Debido ás necesidades formativas impostas polas características dos postos de traballo para desempeñar no sector de comercio de elementos do metal, a duración mínima do contrato de formación será de seis meses e a máxima de tres anos.

c) Contrato en prácticas: a retribución do traballador contratado baixo a modalidade de prácticas será dun 60% no primeiro ano e dun 75% no segundo, do salario da súa categoría profesional en cómputo anual e quedará incluído neste cómputo anual a gratificación de transporte.

Artigo 27.- Aviso previo de fin de contrato.

Á finalización do contrato a empresa estará obrigada a notificarlle o cesamento ó traballador por escrito e con 15 días de antelación á data de finalización de contrato de duración igual ou superior a 12 meses. De incumprirse esta obrigación o traballador deberá ser indemnizado co importe diario por cada día de atraso nos prazos de aviso previo.

Pola súa banda, os traballadores que desexen cesar voluntariamente na empresa e estean contratados por medio de contrato de duración igual ou superior a 12 meses, estarán obrigados a comunicarllo á empresa cumprindo os seguintes prazos de aviso previo.

o Técnicos.- 30 días

o Empregados ou operarios.- 15 días

O incumprimento de aviso previo coa referida antelación dará dereito a descontar da liquidación unha contía equivalente ó importe do seu salario diario por cada día de atraso no aviso.

Artigo 28.- Póliza de seguros.

As empresas subscribirán a favor dos traballadores unha póliza de seguros que cubra, en caso de accidente de traballo, os riscos de morte e invalidez permanente, nos graos de total, absoluta e grande invalidez, na contía de 18.000 euros.

No entanto, a indemnización que se perciba con cargo ó seguro aquí convido, considerarase como percibida a conta da indemnización que, de se-lo caso, puidesen declarar con cargo ás empresas, os tribunais de xustiza na vía penal, compensándose ata onde aquela non alcance.

Artigo 29.- Comisión Paritaria.

Para tódalas cuestións que se deriven da aplicación, interpretación e vixilancia deste convenio constitúese unha comisión paritaria formada polas asociacións empresariais asinantes, é dicir, Asociación Empresarial de Comercio de Elementos de Metal, Federación de Comercio de Ourense, Asociación de Concesionarios de Automóviles de Ourense e as centrais sindicais que asinan este convenio, UXT e CIG.

Artigo 30.- Igualdade no traballo.

Respectarase o principio de igualdade no traballo para tódolos efectos e non se admitirá discriminación por razón de idade, sexo, ideoloxía, raza ou discapacidade, etc.

Artigo 31.- Pezas de traballo.

A empresa proporcionarlles, ós traballadores que proceda, o vestiario adecuado para o traballo, na cantidade de dúas pezas por ano, que reporá unha vez cada semestre. Así mesmo, facilitaralles luvas e calzado cando así o esixa o traballo que han de realizar. Ós traballadores que realicen funcións de repartición en moto, a empresa está obrigada a proporcionarlle-lo casco obrigatorio e traxe de augas.

Artigo 32.- Excedencias.

A excedencia poderá ser voluntaria ou forzosa.

A forzosa, que dará dereito á conservación do posto de traballo e ó cómputo de antigüidade da súa vixencia, concederáse pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ó traballo. O reingreso deberá solicitarse dentro do mes seguinte ó cesamento do cargo público.

O traballador cunha antigüidade mínima na empresa dun ano ten dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en situación de excedencia voluntaria por un prazo non menor de 4 meses e non maior de cinco anos. Este dereito só poderá ser exercido outra vez polo mesmo traballador se transcorresen catro anos desde o final da anterior excedencia.

Os traballadores terán dereito a un período non superior a tres anos de excedencia para atender ó coidado de cada fillo, xa sexa por natureza ou adopción, contado desde a data de nacemento deste, ou de se-lo caso da resolución xudicial ou administrativa. Os fillos sucesivos darán dereito a un novo período de excedencia que, se se dá o caso, porá fin ó que viña gozando. Cando o pai ou nai traballen, só un deles poderá exercer este dereito.

Durante o primeiro ano, a partir do inicio de cada situación de excedencia, o traballador terá dereito á reserva do posto de traballo e a que o citado período sexa computado para efectos de antigüidade. Finalizado este e ata a terminación do período de excedencia, serán de aplicación, excepto pacto colectivo ou individual en contrario, as normas que regulan a excedencia voluntaria. Así mesmo, poderán solicita-lo seu paso á situación de excedencia na empresa os traballadores que exercen funcións sindicais de ámbito provincial ou superior, mentres dure o exercicio do seu cargo representativo.

O traballador excedente conserva só un dereito preferente ó ingreso nas vacantes de igual ou similar categoría á súa que houbese ou se producise na empresa.

A situación de excedencia poderá estenderse a outros supostos colectivamente acordados con réxime e cos efectos que alí se prevexan.



**Artigo 33. - Xubilación parcial.**

Ó amparo do artigo 166.2 da Lei xeral de Seguridade Social e do artigo 12.6 do Estatuto dos traballadores, recoñéceselle ós traballadores, o dereito subxectivo a solicitar da empresa a xubilación parcial e a consecuenta redución da súa xornada de traballo na porcentaxe fixada pola normativa, cando reúnan os requisitos legalmente establecidos pola regulación vixente.

A comunicación deberáselle remitir á empresa cunha antelación mínima de 3 meses á data prevista da xubilación parcial, salvo ó persoal encadrado nos grupos IV e V do convenio nos que o aviso previo será de 6 meses. A porcentaxe de xornada que corresponda de traballo efectivo, acumularase nos meses inmediatamente seguintes ó da xubilación parcial e a xornada completa.

**Artigo 34. - Xubilación forzosa.**

Os traballadores deberán xubilarse obrigatoriamente unha vez cumpridos os 65 anos, sempre que reúnan os requisitos para acceder a unha prestación contributiva de xubilación.

**Artigo 35. - Recoñecementos médicos.**

As empresas velarán pola práctica de recoñecementos médicos, incluídas análises de sangue e de ouriños, tanto iniciais como periódicos, conforme ó establecido nas disposicións vixentes e como mínimo un ó ano. Pola súa banda, os traballadores estarán obrigados a someterse a cantos recoñecementos médicos dispoñen as empresas a cargo delas, tanto en situación activa como en situación de IT ou similar.

Os recoñecementos médicos orientaranse preferentemente ás enfermidades máis habituais do sector e entregaráselle a este o resultado do recoñecemento. Serán entregados nun máximo de cinco días desde a data na que se reciban. A comisión mixta velará polo seu cumprimento.

**Artigo 36. - Protección á maternidade.**

No caso de maternidade, a empresa deberá conceder-las permisos de 16 semanas ininterrompidas, ampliables por parte múltiple ata 18 semanas. O período de suspensión distribuirase a opción da interesada, sempre que 6 semanas sexan inmediatamente posteriores ó parto. En caso de falecemento da nai, con independencia de que esta realizase ou non algún traballo, o outro proxenitor poderá facer uso da totalidade ou, de se-lo caso, da parte que reste do período de suspensión computado desde a data do parto, e sen que se desconte deste a parte que a nai puidese gozar con anterioridade ó parto. No suposto de falecemento do fillo, o período de suspensión non se verá reducido, salvo que, unha vez finalizadas o seis semanas de descanso obrigatorio, a nai solicitase reincorporarse ó posto de traballo.

Non obstante o anterior, no caso de que a nai ou o pai traballen, aquela ó iniciarse o período de descanso por maternidade, poderá optar a que o pai goce dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso posterior ó parto, ben de forma simultánea ou sucesiva co da nai. O outro proxenitor poderá seguir facendo uso do período de suspensión por maternidade inicialmente cedido, aínda que no momento previsto para a reincorporación da nai ó traballo esta se atope en situación de incapacidade temporal.

No suposto de adopción e acollemento, a suspensión terá unha duración de 16 semanas ininterrompidas, ampliable no suposto de adopción ou acollemento múltiples en dúas semanas por cada menor a partir do segundo. A dita suspensión producirá os seus efectos, a elección do traballador, ben a partir da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción, ben a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, provisional ou definitiva, sen que en ningún

caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de suspensión.

No caso de que o pai e a nai traballen, o período de suspensión distribuirase a opción dos interesados, que poderán gozalo de forma simultánea ou sucesiva, sempre con períodos ininterrompidos e cos límites sinalados.

Nos casos de goce simultáneo de períodos de descanso, a suma destes non poderá exceder das 16 semanas previstas nos parágrafos anteriores ou das que correspondan en caso de parto, adopción ou acollemento múltiples.

**Artigo 37. - Réxime disciplinario por acoso sexual.**

Todo comportamento ou situación que atente contra o respecto e a intimidade ou contra a liberdade dos traballadores, condutas de acoso sexual, verbais ou físicas, serán conceptuadas como faltas moi graves, graves ou leves, en función da repercusión do feito. Nos supostos nos que se leve a cabo servíndose da súa relación xerárquica con persoa ou persoas con contrato laboral non indefinido, a sanción aplícarase no seu máximo grao.

O Comité de Empresa, Xunta de Persoal, Sección Sindical ou representante dos traballadores e traballadoras e da Dirección de Persoal da empresa velarán polo dereito á intimidade do traballador afectado, procurando silenciar a súa identidade cando así fose requirido.

Por mor da falta de normativa existente, poderase seguir-la descrición de sancións incluídas no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, modificada pola Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social e pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

**Artigo 38. - Período de proba.**

Poderase concertar por escrito un período de proba que en ningún caso poderá exceder de 6 meses para os técnicos titulados, nin de 3 meses para os demais traballadores, excepto para o non cualificados; en tal caso, a duración máxima será de 15 días laborais.

O empresario e o traballador están respectivamente obrigados a realiza-las experiencias que constitúan o obxecto da proba.

Durante o período de proba o traballador terá os dereitos e obrigacións correspondentes á súa categoría profesional e ó posto de traballo que desempeñe, coma se fose de persoal, salvo os derivados da resolución laboral, que poderá producirse a petición de calquera das partes durante o seu transcurso.

Unha vez transcorrido o período de proba sen que se produza a desistencia, o contrato producirá plenos efectos e computarase o tempo dos servizos prestados na antigüidade do traballador na empresa.

A situación de incapacidade temporal que afecte o traballador durante o período de proba interrompe o cómputo deste sempre que se produza acordo entre ámbalas partes.

**Disposición adicional primeira.**

No non regulado neste convenio colectivo, e a salvo das remisións expresas neste a determinada normativa supletoria, estarase ó disposto con carácter xeral no Estatuto dos traballadores e demais normas que o desenvolven así como no acordo marco para a substitución da Ordenanza do comercio, asinada o 6 de marzo de 1996.

**Disposicións finais.**

Primeira - Cláusula de submisión ó AGA: dada a importancia que pode ter para a resolución pacífica de conflitos laborais e



elaboración do acordo galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo, AGA, asinado entre a Confederación de Empresarios de Galicia e as organizacións sindicais UXT, CC OO e CIG, as partes asinantes deste convenio, durante a súa vixencia, acordan someterse ás disposicións contidas no AGA, nos propios termos nos que están formulados.

Segunda - Partes asinantes: este convenio asínano as centrais sindicais UXT, e CIG en representación da parte social, e pola Federación de Comercio de Ourense e a Asociación de Concesionarios de Automóviles de Ourense, en representación da parte empresarial.

Táboa salarial 2011.

Grupo; Salario

Grupo primeiro

Prof. ofic. terceira, Mozo, Persoal limpeza; 710,71

Grupo segundo

Mozo especializado, Auxiliar administrativo, Profesional oficio 2ª; 722,17

Grupo terceiro, Axudante, Escaparartista, Profesional oficio 1ª, Oficial administrativo, Caixeiro, Viaxante/Vendedor, Dependente, Chofer camión; 740,08

Grupo cuarto

Xefe administrativo, Contable, Xefe división, Xefe de taller, Xefe de persoal, Xefe de compras, Xefe de vendas, Xefe de sucursal, Xefe de almacén, Xefe serv. mercantil, Encargado establec., Titulado medio; 812,78

Grupo quinto

Director, Titulado superior; 885,51

As persoas coa categoría de mozo, que o 31 de decembro de 2007 leven catro ou máis anos nesa categoría ascenderán a mozo especializado. Non sendo así, o ascenso producirase cando leven 4 anos como mozos.

Asesora:

María de Miguel Pérez, Federación de Comercio de Ourense, Flora Castro González.

Asociación de Concesionarios de Ourense

Carlos Pena Portela, Isabel Pérez Martínez

UXT:

Ángel Feijoo Conde, Victorino Joaquín Saborido, Andrés do Río Vázquez, Esther Santás Iglesias, Concepción López Caride.

CIG:

Antonio Sanmiguel Estévez, Antonio Vázquez Pérez, César Fernández Sandiás, Carlos Vázquez Castro

R. 3.429

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### IV. ENTIDADES LOCALES

###### Amoeiro

###### Edicto

De conformidade co disposto nos artigos 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 46 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, resolvo:

Delega-las funcións da Alcaldía no 1.º tenente de alcalde, don Adolfo González Novoa, no período comprendido entre os días 8 de agosto e 14 de agosto de 2011, ámbolos dous inclusive, conferíndolle tódalas atribucións inherentes ó cargo da Alcaldía.

Mándao e asinao o alcalde, don Rafael Rodríguez Villarino, en Amoeiro o 1 de agosto de 2011.

###### Edicto

De conformidade con lo dispuesto en los artículos 63 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia y 46 y 47 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, resuelvo:

Delegar las funciones de la Alcaldía en el 1.º teniente de alcalde, don Adolfo

González Novoa, en el período comprendido entre los días 8 de agosto y 14 de agosto de 2011, ambos inclusive, confiriéndole todas las atribuciones inherentes al cargo de la Alcaldía.

Lo manda y firma el alcalde, don Rafael Rodríguez Villarino, en Amoeiro, a 1 de agosto de 2011.

R. 3.435

###### Lobeira

###### Anuncio

Proposta de baixa por inclusión indebida no padrón municipal de habitantes

Por non ser posible practica-la notificación persoal ás persoas que máis adiante se relacionan, aínda que se intentou no último domicilio coñecido, procédese a efectua-la citada notificación no taboleiro de anuncios deste concello e no BOP de Ourense, conforme ó disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Os interesados poderán, no prazo de dez días, contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio, presenta-los documentos e xustificacións que estimen pertinentes nas oficinas municipais e manifesta-la súa conformidade ou non á proposta de baixa.

Unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presentase ningunha alegación e, tralos trámites oportunos, por parte deste concello, solicitarase o correspondente informe ó Consello de Empadramento para realiza-las ditas baixas, todo isto de conformidade co disposto no apartado c) da Resolución do 1 de abril de 1997, da Subsecretaría do Ministerio da Presidencia (BOE n.º 87, do 11 de abril de 1997).

Relación de notificados:

Benito Graña Vázquez.

Raúl Rodríguez Rodríguez.

Benito Álvarez Estévez.

Juan José Domínguez González.

José Martínez Domínguez.

Eduardo Salgado Vázquez.

Rosa Nicolás Saborido.

Manuel Quintas Nicolás.

Carmen Lamas Rodríguez.

Palmira Álvarez Álvarez.

Dolores Álvarez Pérez.

Augusto Martínez Vázquez.

Domingo dos Santos Lages Cunha.

Manuel Lackinger.

Lobeira, 28 de xullo de 2011. O alcalde.

###### Anuncio

Propuesta de baja por inclusión indebida en el padrón municipal de habitantes

Por no ser posible practicar la notificación personal a las personas que más adelante se relacionan, aunque se intentó en el último domicilio conocido, se procede a efectuar la citada



notificación en el tablón de anuncios de este ayuntamiento y en el BOP de Ourense, conforme a lo dispuesto en el artículo 59.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, modificada por la Ley 4/1999, de 13 de enero.

Los interesados podrán, en el plazo de diez días, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio, presentar los documentos y justificaciones que estimen pertinentes en las oficinas municipales y manifestar su conformidad o no a la propuesta de baja.

Una vez transcurrido dicho plazo sin que se presentase ninguna alegación y, tras los trámites oportunos, por parte de este ayuntamiento, se solicitará el correspondiente informe al Consejo de Empadronamiento para realizar dichas bajas, todo esto de conformidad con lo dispuesto en el apartado c) de la Resolución de 1 de abril de 1997, de la Subsecretaría del Ministerio de la Presidencia (BOE n.º 87, de 11 de abril de 1997).

Relación de notificados:

Benito Graña Vázquez.

Raúl Rodríguez Rodríguez.

Benito Álvarez Estévez.

Juan José Domínguez González.

José Martínez Domínguez.

Eduardo Salgado Vázquez.

Rosa Nicolás Saborido.

Manuel Quintas Nicolás.

Carmen Lamas Rodríguez.

Palmira Álvarez Álvarez.

Dolores Álvarez Pérez.

Augusto Martínez Vázquez.

Domingo dos Santos Lages Cunha.

Manuel Lackinger.

Lobeira, 28 de julio de 2011. El alcalde.

R. 3.431

## Vilamarín

### Edicto

A Xunta de Gobierno Local, na sesión que tivo lugar o día 27 de xullo de 2011, aprobou o padrón da taxa pola subministración de auga, correspondente ó 4º trimestre de 2010. Isto expónse ó público polo prazo de 20 días, contados a partir do seguinte ó da inserción deste anuncio no BOP, para os efectos do seu exame e posibles reclamacións, considerándose definitivamente aprobado, no caso de que non se presentase ningunha.

Vilamarín, 28 de xullo de 2011. O alcalde.

Asdo.: Amador Vázquez Vázquez

### Edicto

La Junta de Gobierno Local, en la sesión que tuvo lugar el día 27 de julio de 2011, aprobó el padrón de la tasa por suministro de agua, correspondiente al 4º trimestre de 2010. Esto se expone al público por el plazo de 20 días, contados a partir del siguiente al de la inserción de este anuncio en el BOP, a los efectos de su examen y posibles reclamaciones, considerándose definitivamente aprobado, en el caso de que no se presentase ninguna.

Vilamarín, 28 de julio de 2011. El alcalde.

Fdo.: Amador Vázquez Vázquez

R. 3.426

## Vilar de Barrio

### Anuncio

Unha vez intentada a notificación do seguinte acto de trámite ós interesados que se indican, e ó non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícase mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello de Vilar de Barrio o seguinte:

- Acto para notificar: comunicación ós veciños inmediatos ó lugar de emprazamento, que constan no expediente de licenza de instalación de actividade de ampliación de nave avícola para ceba de polos e plataforma de formigón para acceso (Os Salgueiriños-Vilar de Gomareite-Vilar de Barrio), sometida a avaliación de incidencia ambiental e solicitada por Granxa Mazaricas, SC, para que poidan examinalo expediente e, de se-lo caso, presenta-las observacións que consideren, durante o prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte á última inserción do anuncio de apertura de información pública que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no Diario Oficial de Galicia, todo isto en cumprimento do artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

- Propietarios interesados:

- Dona Rosa Fuentes Lozano.

Vilar de Barrio, 3 de agosto de 2011. O alcalde.

Asdo.: Julio Pérez Carballo.

### Anuncio

Una vez intentada la notificación del siguiente acto de trámite a los interesados que se indican, y no siendo posible su práctica efectiva, de acuerdo con lo previsto en el artículo 59.5 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, se notifica mediante la publicación en el BOP y en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Vilar de Barrio el siguiente:

-Acto para notificar: comunicación a los vecinos inmediatos al lugar de emplazamiento, que constan en el expediente de licencia de instalación de actividad de ampliación de nave avícola para cebo de pollos y plataforma de hormigón para acceso (Os Salgueiriños-Vilar de Gomareite-Vilar de Barrio), sometida a valoración de la incidencia ambiental y solicitada por Granxa Mazaricas, SC, para que puedan examinar el expediente y, en su caso, presentar las observaciones que consideren, durante el plazo de veinte días hábiles, contados a partir del siguiente a la última inserción del anuncio de apertura de información pública que se publique en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense y en el Diario Oficial de Galicia, todo ello en cumplimiento del artículo 8.3 del Decreto 133/2008, de 12 de junio, por el que se regula la valoración de incidencia ambiental.

-Propietarios interesados:

- Doña Rosa Fuentes Lozano.

Vilar de Barrio, 3 de agosto de 2011. El alcalde.

Fdo.: Julio Pérez Carballo.

R. 3.440

## Mancomunidade de Concellos Santa Águeda

Exposición ó público de listas cobratorias.

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, as listas cobratorias do imposto sobre bens



inmuebles (IBI) rústica e urbana, sobre bens inmuebles de características especiais (BICES) e o imposto sobre actividades económicas (IAE), para o exercicio 2011, correspondentes ós concellos de Amoeiro, Coles, A Peroxa e Vilamarín, que integran esta mancomunidade, estarán a disposición pública para exame e reclamacións.

Vilamarín, 1 de agosto de 2011. O presidente.  
Asdo.: Rafael Rodríguez Villarino.

### Mancomunidade de Ayuntamientos Santa Águeda

*Exposición al público de listas cobradoras.*

De conformidade con lo dispuesto en el artículo 102.3 de la Ley 58/2003, General Tributaria, las listas cobradoras del impuesto sobre bienes inmuebles (IBI) de naturaleza urbana y rústica, de bienes inmuebles de características especiales (BICES) e impuesto sobre actividades económicas (IAE) para el ejercicio 2011, correspondientes a los ayuntamientos de Amoeiro, Coles, A Peroxa y Vilamarín, que integran esta mancomunidade, estarán a disposición pública para examen y reclamaciones.

Vilamarín, 1 de agosto de 2011. El presidente.  
Fdo.: Rafael Rodríguez Villarino.

R. 3.452

### Mancomunidade de Concellos Santa Águeda

Anuncio de cobranza en período voluntario.

Dende o día 29 de agosto e ata o 31 de outubro, ámbolos dous inclusive, o Servizo de Recadación da Mancomunidade de Concellos "Santa Águeda", integrada polos concellos de Amoeiro, Coles, A Peroxa e Vilamarín, porá o cobro en período voluntario, de acordo cos artigos 68 e 69 do Regulamento xeral de recadación e o artigo 12 da Lei reguladora das facendas locais, o imposto sobre bens inmuebles, de características especiais e de actividades económicas correspondentes ó exercicio 2011. Para isto, enviarase ó domicilio do contribuínte, un tríptico ou documento de pago co que se poderá efectuar-lo pagamento correspondente en calquera das oficinas que as entidades Novacaixagalicia e Banco de Santander teñan abertas no territorio nacional. No caso de que algún contribuínte non recibise o citado tríptico, poderá solicitar un duplicado e, ó mesmo tempo, deberá corrixi-los posibles datos erróneos que orixinaron a falta de recepción deste.

Igualmente, aqueles contribuíntes que así o desexen, poderán, así mesmo, efectuar-lo importe nas propias oficinas do Servizo de Recadación, situado na Pena-Vilamarín, en horario de 09.00 a 13.30 horas e de luns a venres.

Unha vez rematado o prazo de cobro en voluntaria, aqueles contribuíntes que non efectuasen o pago, incorrerán en recarga de constrinximento de conformidade co artigo 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e os artigos 70 e 71 do vixente Regulamento xeral de recadación, segundo a redacción dada polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo (BOE n.º 210, de 02/09/05).

Vilamarín, 1 de agosto de 2011. O presidente.  
Asdo.: Rafael Rodríguez Villarino.

### Mancomunidade de Ayuntamientos Santa Águeda

*Anuncio de cobranza en periodo voluntario.*

Desde el día 29 de agosto hasta el 31 de octubre, ambos inclusive, el Servicio de Recaudación de la Mancomunidade de

Ayuntamientos "Santa Águeda", integrada por los de Amoeiro, Coles, A Peroxa y Vilamarín, pondrá al cobro en período voluntario, de acuerdo con los artículos 68 y 69 del Reglamento General de Recaudación y el artículo 12 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, el impuesto sobre bienes inmueble, de características especiales y de actividades económicas correspondientes al ejercicio 2011. Para ello, se enviará al domicilio del contribuyente, un tríptico o documento de pago con el que se podrá efectuar el pago correspondiente en cualesquiera de las oficinas que las entidades Novacaixagalicia e Banco de Santander tenga abiertas en el territorio nacional. En caso de que algún contribuyente no recibiese el correspondiente tríptico, podrá solicitar un duplicado y, al mismo tiempo, deberá subsanar los posibles datos erróneos que originaron la falta de recepción de éste.

Igualmente, aquellos contribuyentes que así lo deseen, podrán, asimismo, efectuar el importe correspondiente en las propias oficinas del Servicio de Recaudación, situado en A Pena-Vilamarín, en horario de 09:00 a 13:30 horas y de lunes a viernes.

Una vez finalizado el plazo de cobro en voluntaria, aquellos contribuyentes que no hayan satisfecho las cuotas correspondientes, incurrirán en recargo de apremio, de conformidad con el artículo 28 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria y los artículos 70 y 71 del vigente Reglamento General de Recaudación, según la redacción dada por el Real Decreto 939/2005, de 29 de julio (BOE n.º 210 de 02/09/05).

Vilamarín, 1 de agosto de 2011. El presidente.  
Fdo.: Rafael Rodríguez Villarino.

R. 3.451

### Mancomunidade de Concellos "Santa Águeda"

De conformidade co que establece o artigo 15.º dos estatutos da Mancomunidade "Santa Águeda", resollo:

Nomear como vicepresidentes os seguintes señores:

- vicepresidente 1º: don Manuel Seoane Rodríguez
- vicepresidente 2º: don Manuel Rodríguez Vázquez
- vicepresidente 3º: don Amador Vázquez Vázquez

As tres persoas nomeadas substituirán a esta Presidencia na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, e serán libremente designados e revogados polo presidente.

Da dita resolución daráselle conta ó Pleno da Mancomunidade na primeira sesión que teña lugar.

Igualmente, notificaráselles persoalmente ós designados e publicarase no BOP; todo isto é sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da sinatura desta resolución.

Mándao e asínao o presidente, don Rafael Rodríguez Villarino, en Coles, o 27 de xullo de 2011.

### Mancomunidade de Ayuntamientos "Santa Águeda"

De conformidade con lo que establece el artículo 15.º de los estatutos de la Mancomunidade "Santa Águeda", resuelvo:

Nombrar como vicepresidentes a los siguientes señores:

- vicepresidente 1º: don Manuel Seoane Rodríguez
- vicepresidente 2º: don Manuel Rodríguez Vázquez
- vicepresidente 3º: don Amador Vázquez Vázquez

Las tres personas nombradas sustituirán a esta Presidencia en la totalidad de sus funciones y por orden de su nombramiento, en los casos de vacante, ausencia o enfermedad, y serán libremente designados y revocados por el presidente.



De dicha resolución se dará cuenta al Pleno de la Mancomunidad en la primera sesión que tenga lugar.

Igualmente, se notificará personalmente a los designados y se publicará en el BOP; todo esto es sin perjuicio de su efectividad desde el día siguiente al de la firma de esta resolución.

Lo manda y firma el presidente, don Rafael Rodríguez Villarino, en Coles, a 27 de julio de 2011.

R. 3.427

## V. TRIBUNALS E XULGADOS

### V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

#### Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Secretaría de Gobierno  
A Coruña

##### Edicto

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acordou nomear, por un período de 4 anos, ós xuíces de paz titulares e/ou substitutos que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, concellos desta comunidade autónoma; nomeamento que se fai directamente, toda vez que no concurso que convocou esta Sala de Goberno non houbo ningún solicitante ou, noutro caso, os solicitantes non foron considerados idóneos para o desempeño do cargo e tendo en conta que os respectivos concellos, no seu día, non fixeron elección de persoa ningunha para os ditos cargos.

Petín: substituta: dona Mercedes López Puga, con DNI n.º 34 924 543 D.

Contra este acordo poderán, os interesados, presentar recurso de alzada no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte á publicación deste edicto para ante o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión no Xulgado de Paz para o que son nomeados ante quen se achase exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte á súa publicación no BOP correspondente, tralo xuramento previo ou promesa na forma que establece o artigo 101.5 da Lei orgánica do poder xudicial ante o xuíz de 1ª Instancia e Instrución respectivo.

Aqueles xuíces de paz nomeados, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar, dentro do prazo de 8 días, pola praza que lles interese.

A Coruña, 26 de xullo de 2011. O secretario de goberno.

Asdo.: Agustín Ignacio Pena López.

#### Tribunal Superior de Justicia de Galicia

Secretaría de Gobierno  
A Coruña

##### Edicto

El Pleno de la Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia de Galicia acordó nombrar, por un periodo de 4 años, a los jueces de paz titulares y/o sustitutos que más abajo se indican y para las localidades que igualmente se relacionan,

ayuntamientos de esta comunidad autónoma; nombramiento que se hace directamente, toda vez que en el concurso que convocó esta Sala de Gobierno no hubo ningún solicitante o, en otro caso, los solicitantes no fueron considerados idóneos para el desempeño del cargo y teniendo en cuenta que por los respectivos ayuntamientos, en su día, no se hizo elección de persona alguna para dichos cargos.

Petín: substituta: doña Mercedes López Puga, con DNI n.º 34 924 543 D.

Contra este acuerdo podrán, los interesados, presentar recurso de alzada en el plazo de un mes, que contará desde el día siguiente a la publicación de este edicto para ante el Consejo General del Poder Judicial.

Los/as nombrados/as deberán tomar posesión en el Juzgado de Paz para el que se les nombra ante quien se hallare ejerciendo la jurisdicción, en el plazo de 20 días naturales contados a partir del siguiente a su publicación en el BOP correspondiente, tras el previo juramento o promesa en la forma que establece el artículo 101.5 de la Ley Orgánica del Poder Judicial ante el juez de 1ª Instancia e Instrucción respectivo.

Aquellos jueces de paz nombrados, que estén incursos en alguna incompatibilidad, deberán optar, dentro del plazo de 8 días, por la plaza que les interese.

A Coruña, 26 de julio de 2011. El secretario de gobierno.

Fdo.: Agustín Ignacio Pena López.

R. 3.411

#### Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Secretaría de Gobierno  
A Coruña

Consonte co que acordou o Sr. presidente, dirixo a vostede este anuncio, co fin de que se publique, para rectificar edicto publicado o día 2 de maio de 2011, boletín n.º 98, R. 1627, onde di: "Amoeiro: titular: dona María Vázquez González, DNI n.º 76702867Y", debe dicir:

"Amoeiro: substituta: dona María Vázquez González. DNI n.º 76702867Y".

A Coruña, 29 de xullo de 2011. O secretario de Goberno.

Asdo.: Agustín Ignacio Pena López.

#### Tribunal Superior de Justicia de Galicia

Secretaría de Gobierno  
A Coruña

De conformidad con lo que acordó el Sr. presidente, dirijo a usted el presente anuncio, con el fin de que se publique, para rectificar edicto publicado el día 2 de mayo de 2011, boletín n.º 98, R. 1627, donde dice: "Amoeiro: titular: doña María Vázquez González, DNI n.º 76702867Y", debe decir:

"Amoeiro: substituta: doña María Vázquez González. DNI n.º 76702867Y".

A Coruña, 29 de julio de 2011. El secretario de Gobierno.

Fdo.: Agustín Ignacio Pena López.

R. 3.425

